

INTRODUCCIÓN. PRESENTACIÓN.

Ética kantiana: os fundamentos do obrar moral. Pregunta polos **fundamentos do comportamento moral**: **¿Cando obramos moralmente?**

Rasgos definitorios do obrar moral: actuamos moralmente cando...

1. **BOA VONTADE (BOA INTENCIÓN)**: Obramos moralmente cando actuamos con boa vontade (boa intención).

1.1. **Ética de intencións**: Valorase un comportamento como moralmente correcto en función da intención, motivación, se esta é boa, aceptable en termos éticos **con independencia de que se logren alcanzar os obxectivos propostos versus Ética de resultados**: a conduta será cualificada de correcta ou moralmente eloxiable en función dos resultados ou os efectos (consecuencias) da acción.

2. **DEBER MORAL**: A boa vontade é aquela que **actúa por deber**.

2.1. **Ética deontolóxica** (do deber): Tres tipos de obrar en relación ao deber:

- **Acción conforme ao deber** (conduta conforme ao deber legal ou contractual). Non hai ningún mérito ou dignidade moral.
- **Acción contraria ao deber** (conduta que infrinxe un deber legal ou contractual). Conduta sen dignidade moral e/ou moralmente inaceptable.
- **Acción levada a cabo por deber**. **Obrar moral**: Non é unha acción contraria ao deber, nin tampouco meramente conforme ao deber. **Conduta oposta aos nosos intereses, beneficios, satisfaccións, sentido da felicidade**, etc. Non hai nada moralmente eloxiable ou meritório en actuar movido por beneficios, interese, satisfacción ou sentido da felicidade, etc. **Ética versus Pragmática**: pautas de conduta que debemos seguir para acadar os nosos obxectivos (intereses, beneficios, satisfaccións, felicidade, etc.).

3. **AUTONOMÍA MORAL**: O deber moral é autoimposto polo propio suxeito moral.

3.1. **Ética autónoma**. Autodeterminación do suxeito moral que se impón a sí mesmo o seu deber versus **Ética heterónoma-persoa moralmente heterónoma-heteronomía moral**:

- Imposición dun código de valores e normas ao que se somete o suxeito.
- Actuamos en base a unha instancia allea a nosa conciencia moral, en función de intereses, beneficios, satisfaccións ou sentido da felicidade.

4. **DEBER UNIVERSALIZABLE**: Deber moral xeralizable. **Lei moral**: Norma ou deber válido/aceptable para o propio suxeito moral e válido/aceptable para todos os demais seres racionais.

4.1. **Ética universal**. Deber universalizable: deber moral tanto para mín mesmo como para todos os seres humanos. **Razón práctica**: uso da razón humana no ámbito ético, razón capaz de elaborar normas de conduta de carácter universal, válidas ou aceptables para a humanidade versus **Ética relativista**.

5. **ÉTICA FORMAL**: O **deber moral** aparece formulado en **imperativos categóricos**: un tipo de mandato que expresa un deber moral, pero respectando a **autonomía do suxeito moral**. Manda un **deber moral** en función da súa **forma** (que a norma de conduta moral sexa universalizable). **Carece de contido, de materia: non estipula nin normas nin fins concretos**, establece un **deber moral formal**: marca unha **acción** como **moralmente boa en si mesma** en función da súa **forma** (que a **norma** ou **mandato** que expresa o **deber** de actuar dunha determinada maneira sexa **xeralizable, universalizable**) *versus* **Ética material** construída a base de **imperativo hipotético**: Ética que establece normas concretas e fins ou metas a alcanzar. Expresa un mandato, pero non se trata dun deber moral. Ética que posúe **contido, materia**: establece **pautas de actuación concretas, normas e fins específicos**: marca unha **acción** como **boa** en base a alcanzar un **fin proposto**. Establece **normas de conduta** e **fines** ou **metas concretas** que debemos seguir e perseguir. *Se queres x, fai y*: onde **x** é o **fin** proposto e **y** é a **norma de conduta concreta** que debemos seguir para acadar ese fin ou meta.

5.1. **Fórmulas-enunciacións do imperativo categórico**:

- Fórmula da **lei universal**: Principio de **universalización**. **Lei moral**: deber moral universalizable.
- Fórmula do **reino dos fins**: Principio de **non-instrumentalización**. **Persoa (fin)** *versus* **cousas (medios)**. O reino dos fins é a **humanidade**.
- Fórmula da **autonomía da vontade**: Principio da **vontade universalmente lexisladora**. **Persoas-dignidade** *versus* **cousas-prezo**. **Dignidade**: a **persoa** posúe **dignidade** e merece **respecto**, na medida en que é un **lexislador universal**: todo ser humano, en tanto que ser racional, é capaz de darse a sí mesmo a **lei moral** (actuar en base a **normas universalizables** dictadas pola súa propia conciencia moral).